

TANZANIA



*Tribo
Masai*





Índice

- *Introducción* >
- *Localización* >
- *Características* >
- *Estructura social* >
- *Estructura política* >
- *Peculiaridades* >

- *INTRODUCCIÓN*

A tribo Masai é unha das máis coñecidas en todo o mundo polos seus bailes, os seus guerreiros e as súas túnicas de cor vermella.



- **LOCALIZACIÓN**

Os masai son un pobo estimado duns 883.000 individuos, que viven en Kenia meridional, e en Tanzania setentrional. Antiga tribo de guerreiros hoxe son pastores semi nómades que buscan o pasto nas terras de Masai Mara e van movendo os seus rabaños co fin de que o pasto volva crecer



O poboado masai recibe o nome de boma, enkang ou kraak, segundo a zona. Viven en asentamentos chamados " zamoras". As súas cabanas feitas de ramas denominadas ' manyatas' e están dispostas en círculo.



- **CARACTERÍSTICAS**

Os masai caracterízanse por ser moi altos e delgados e por ir sempre vestidos con rechamantes teas e con vistosos colgantes e pendentes de abelorios.



O máis común é atopalos cunha tea anudada ao pescozo, de cores vermellas, laranxa ou similares, e con figuras xeralmente xeométricas.



Tamén son distintivas as súas grandes dilatacións nas orellas, que se fan de nenos cun machete puntiagudo. Falan <<Maa>>, aínda que a maioría deles poden defenderse tamén en suahili e inglés.



• *ESTRUTURA SOCIAL*

Os masai son un pobo nómade que segue hoxe en día subsistindo do pastoreo. A estrutura social masai está xerárquicamente organizada:

INFANCIA

cuxa función consiste só en vixiar o gando



GUERREIROS

A segunda esta formada polos guerreiros (desde os 15 ata os 30 anos).

Estes mozos desempeñaban antigamente a función de defensa do territorio, pero hoxe en día ocúpanse das tarefas máis difíciles do pastoreo.



Os guerreiros tamén se ocupan da caza e as importantes exhibicións de valor.



ANCIÁNS

E a terceira está constituída polos anciáns (responsables da orde política e relixioso). Son eles quen tomarán todas as decisións importantes, de forma igualitaria e reunidos en consello . O peso ritual e relixioso da sociedade masai exerceo un ancián (laibon) cuxa única función é o ser responsable relixioso do poboado.



- **ESTRUCTURA POLÍTICA**

Non hai un xefe da tribo propiamente dito, pero os masai teñen unha organización moi xerárquica ao redor das idades e grupos de homes. Á idade de 16 anos convértense en guerreiros adultos. A partir deste intre, están preparados para as tarefas máis complexas, por exemplo, a caza .



As súas fases vitais, por dicilo dalgunha maneira, van desde a infancia, pasan a guerreiro menor e despois a guerreiro maior para terminar sendo adultos. Organízanse en clans e a medida que van superando cada unha destas fases, tamén asumen dereitos e deberes.



O sistema político masai está descentralizado, realízanse reunións de anciáns e discusións públicas para decidir sobre os asuntos máis xerais.

Por tanto, non hai ningunha institución política ou xefe que represente o poder. .

Son os anciáns os que toman as decisións máis importantes da tribo en base ás súas experiencias e coñecementos



- **PECULIARIDADES**

Os masai van movendo os seus rabaños co fin de que o pasto volva crecer.

O poblado está cercado por un peche de acacia cheo de espiñas para evitar o ataque dos leóns e outros animais salvaxes e que o gando non salga sen control.



Para converterse oficialmente en homes os mozos masai tiñan que cazar un león coas súas propias mans como proba de hombría.



Na actualidade, debido á protección da poboación de leóns en risco de extinción, esta tradición está a transformarse nunha celebración simulada. É máis, moitos guerreiros masais están a converterse en gardiáns e protectores dos leóns.



A riqueza para os masai mídese en gando ademais de ser a súa principal fonte de alimento, do que sacan carne, leite e sangue.



Os Xogos Olímpicos Masái son un evento multideportivo bienal que ten lugar en Quenia. O propósito do evento é a substitución dos costumes ancestrais do pobo masái, que tiñan como obxectivo a caza de vida salvaxe, pola práctica de competicións deportivas.



Para saber más....

- https://www.ecured.cu/Tribu_Masai
- <https://adcam.es/curiosidades-y-costumbres-de-la-tribu-masai/>
- <https://es.wikipedia.org/wiki/Mas%C3%A1i>



- <https://viajesportanzania.com/datos-utiles/cultura-principales-etnias/los-masai/>
- <https://cronocaron.com/es/travel-and-history/4962-masai-people-tribe-culture-women-warriors-language-religion.html>





SERENQUETI

Referencias multimedia

